



*Pórtico
do Paraíso*


I Festival Internacional de Música de Ourense



**CONCELLO DE
OURENSE**

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN
UNIVERSIDADE POPULAR





| ORGANIZA
Concello de Ourense
Concellería de Educación
Universidade Popular

| PATROCINA
COPASA

| DIRECCIÓN
Juan Enrique Miguéns

| MANAGEMENT
Conchi da Silva

| COMENTARISTA
Manuel López-Benito

| TRADUCCIÓN
Beatriz Varandas

| DESEÑO, MAQUETACIÓN
Enyiris

| FOTOGRAFÍA
Foto Gamma

| IMPRESIÓN
Gráficas Galegas

| PARTICIPAN
Santa Igrexa Catedral de San Martiño
Ateneo de Ourense
Igrexa de Santa María Nai
Teatro Principal
Liceo de Ourense

Para máis información:
www.porticodoparaiso.com
info@porticodoparaiso.com

Concellería de Educación
Rúa Ervedelo, 1, 32002 Ourense
Tel. 988 510 802 - 988 510 843

Salas:
Catedral de San Martiño. Praza do Trigo s/n
Tel. 988 220 992

Igrexa de Santa María Nai. Rúa Santa María s/n

Ateneo de Ourense. Rúa Curros Enríquez, 1
Tel. 988 372 075

Teatro Principal. Rúa da Paz, 9
Tel. 988 252 887

Liceo de Ourense. Rúa Valentín Lamas Carvajal, 5
Horario de secretaría:
De luns a venres (10:00 a 13:00 e 16:30 a 20:00)
Tel. 988 220 650

PÓRTICO DO PARAÍSO I FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

Programa

THE ORLANDO CONSORT, cuarteto vocal

Domingo, 17 de febreiro de 2008, 20:30 h

Catedral de Ourense

ALEXANDRE DELGADO, conferenciante

Luns, 18 de febreiro de 2008, 20:30 h

Ateneo de Ourense

“Camino de la música ibérica en la primera mitad del siglo XX:

La obra de Luís de Freitas Branco”

RESONET, soprano, guitarra barroca ou vihuela e percusión

Martes, 19 de febreiro de 2008, 20:30 h

Igrexa de Santa María Nai

MANUEL REY, conferenciante

Xoves, 21 de febreiro de 2008, 20:30 h

Ateneo de Ourense

“A música medieval en Galicia”

NICOLA EIMER, piano

Venres, 22 de febreiro de 2008, 20:30 h

Teatro Principal

KATONA TWINS GUITAR DUO

Domingo, 24 de febreiro de 2008, 20:30 h

Liceo de Ourense

A celebración do cincuenta aniversario do Conservatorio de Ourense a pasada primavera, que tiveron o pracer de coordinar, ofreceunos unha cálida e ilusionante resposta do público que alimentou un novo reto: a creación dun festival de música clásica.

A idea tomou forma e medrou no transcorrer do verán, e finalmente materializouse neste programa que vostede ten ante si.

Non resultou doado. Apostar por un festival que nace con vocación de continuidade, nunha parcela cultural tan específica, esixía das institucións públicas e privadas unha visión innovadora e creativa, e depositar a súa confianza nun proxecto construído en Ourense e para Ourense. Felizmente, o Concello, a través da Concellería de Educación, tan sensibilizada coa formación artística da cidadanía, mostrou unha vontade firme e inequívoca non só de apoialo, senón tamén de asumilo como seu no papel de organizador.

Ao sostén do Concello de Ourense, engadiuse o importante apoio dun prestixioso grupo empresarial ourensán, S.A. de Obras y Servicios, COPASA, que demostrou a súa sensibilidade sustentando a iniciativa dende o primeiro momento. O meu máis profundo agradecemento a ambas as dúas entidades.

O primeiro concerto, que debía de celebrarse obviamente na Catedral, tráenos o exquisito cuarteto vocal inglés The Orlando Consort, cunha carreira e unha reputación mundialmente recoñecidas, abordando un programa inédito en España. O grupo galego Resonet, formación consolidada de ascendente traxectoria, fai un orixinal percorrido polas músicas do Camiño de Santiago. A nova e destacada pianista inglesa Nicola Eimer preséntanos un suxestivo programa con obras de Mozart e dos grandes compositores románticos. E para rematar, a inspirada proposta dos espectaculares guitarristas húngaros Katona Twins, considerados na actualidade un dos mellores dúos de guitarra clásica. Antes de cada concerto oiremos unhas breves notas aos programas a modo de introdución.

Dúas conferencias sobre temas musicais a cargo do prestixioso compositor portugués Alexandre Delgado e do brillante musicólogo ourensán Manuel Rey completan a programación.

Atrás quedan meses de ilusión, de traballo. Seguro que o esforzo paga a pena.

Juan Enrique Miguéns
DIRECTOR do FESTIVAL

Saúda do Alcalde de Ourense:

Ourense é unha das capitais europeas que comparte o mérito de ter ás súas costas 2.000 anos de historia. Pertencer a este selecto club permite, entre outros privilexios, situarse no mesmo plano que cidades como Estrasburgo, París ou Londres –todas elas de orixe romana– e polo tanto saberse parte dos alicerces culturais da Unión Europea.

Son moitas as evidencias desta antigüidade que manifestan a súa presenza no noso Ourense, tales como o noso marabilloso patrimonio monumental, termal e antropolóxico.

Por esa mesma razón, a presenza dun festival de música clásica é o digno colofón para a experiencia cultural dunha capital europea, culta e cosmopolita, como é Ourense. Dende o Concello de Ourense saudamos con orgullo e agarimo esta iniciativa, á que lle auguramos unha forte influencia na sociedade ourensá e unha brillante traxectoria que acompañe cos acordes máis distinguidos a esta digna cidade.



Francisco Rodríguez Fernández
ALCALDE de OURENSE

THE ORLANDO CONSORT

Matthew Venner, contratenor
Mark Dobell, tenor
Angus Smith, tenor
Donald Greig, barítono

Formado polo Centro de Música Antiga de Gran Bretaña para unha serie de actuacións nacionais en 1988, The Orlando Consort converteuse rapidamente nun dos máis reputados e innovadores expoñentes do repertorio vocal dos séculos XI a XIV.

Os catro membros do Consort son solistas recoñecidos e premiados pola súa experiencia en grupos como The Tallis Scholars, The Gabrieli Consort ou The Taverner Consort. En colaboración cos mellores expertos en música medieval e renacentista, The Orlando Consort estreou un repertorio fascinante non escoitado hoxe en día, e estableceu novas bases de interpretación, especialmente en materia de pronunciación e afinación.

A investigación das técnicas extraordinarias da polifonía aquitana do século XII valeulle en 1996 o premio Noah Greenberg da Sociedad Americana de Musicología.



The Orlando Consort, invitado con frecuencia aos festivais internacionais de Europa e América do Sur, realiza extensas actuacións por Estados Unidos, Rusia, Canadá e Xapón. En abril de 2002, o Consort ofreceu o concerto inaugural do Centro Nacional de Música Antiga en York.

O grupo recibiu numerosas distincións, entre as que se inclúen o premio Gramophone de Música Antiga de 1996 ao seu CD titulado “The Works of John Dunstaple” e unha nominación ao premio Edison. Apareceu nas listaxes de candidatos para outros cinco premios Gramophone. Teñen máis de vinte CD editados nos selos Saydisc, Metronome, Deutsche Grammophon e Harmonia Mundi USA, compañía para a que agora grava en exclusiva.

“The Orlando Consort’s performances are staggeringly beautiful”
The Times

THE ORLANDO CONSORT

CUARTETO VOCAL

Domingo, 17 de febreiro de 2008, 20:30 h
Catedral de Ourense
ENTRADA LIBRE

A ESTRELA DO CEO

(Música sacra española e inglesa do Renacemento)

I Parte

Descendi in ortum meum | John Dunstaple

Quam pulcra es | John Pyamour, d. c.1426

Tota pulcra es | Forest, fl. c.1415-30

Anna mater matris Christi | John Plummer, c.1410-c.1484

Gaude virgo | Ritson Manuscript, c.1450

Nesciens mater | John Trouluffe, fl.1448-73

Stella celi | Walter Lambe, c.1450-1504



II Parte

Hortus conclusus | Rodrigo de Ceballos (c.1530-1581)

Nigra sum sed formosa | Francisco de Peñalosa (d.1528)

Unica est columba mea | Francisco de Peñalosa (d.1528)

Versa est in luctum | Francisco de Peñalosa (d.1528)

Lamentatio Ieremiae | Tordesillas (c.1502)

Adorámoste, Señor | Francisco de La Torre (d.1504)

Quasi cedrus | Francisco Guerrero (1529-1599)



ALEXANDRE DELGADO

CONFERENCIANTE

Luns, 18 de febreiro de 2008, 20:30 h

Ateneo de Ourense

"Caminos de la música ibérica en la primera mitad del siglo XX: La obra de Luís de Freitas Branco"

ENTRADA LIBRE


Alexandre Delgado compuxo a súa primeira obra aos 16 anos, *Préludio para cordas*, estreada pola Orquestra Sinfónica da RDP en 1982. Realizou estudos de composición con Jacques Charpentier no Conservatorio de Niza e graduouse co primeiro premio.

O seu *Quarteto de cordas* foi gravado polo Quarteto Arditti (Etcetera, 2001). É autor da ópera de cámara *O Doido e a Morte* (encargo de Lisboa 94-Capital Europea da Cultura), que dirixiu no Teatro Nacional de São Carlos en 1994 e no Theater Am Halleschen Ufer en Berlín en 1997. En 2001 foi compositor convidado do Festival de Maastricht, onde se interpretaron sete obras súas. En 2007, estreou en Santiago de Compostela un quinteto para piano, violín, viola, violoncello e contrabaixo, encomendado por CAMERALIA 07.

Como viola, gañou o Prémio Jovens Músicos da RDP en 1987. Membro do Moscow Piano Quartet, deu concertos dentro e fóra de Portugal. Actuou como solista coa Orquestra Gulbenkian, a Orquestra Sinfónica Portuguesa, a Orquestra de Extremadura e a Orquestra do Conservatorio de Maastricht, e estreou o seu *Concerto para Viola e Orquestra* (2000) en Portugal, España e Holanda.



Dirixe o programa A Propósito da Música na Antena 2 dende 1996 e é autor dos libros *A Sinfonia em Portugal* e *A Culpa é do Maestro*, recompilación das súas críticas musicais no Diário de Lisboa e no Público entre 1990 e 2000. É regularmente convidado como conferenciante pola Fundação Gulbenkian e o Teatro Nacional de São Carlos. Organizou en 2005 o Festival Luís de Freitas Branco e colaborou no libro do mesmo nome, primeira obra de peso adicada ao compositor.



RESONET

Mercedes Hernández, soprano
Fernando Reyes, guitarra barroca e vihuela
Carlos Castro, percusión

Formouse en 1990 en Santiago de Compostela, baixo o impulso de Fernando Reyes, que dirixiu o grupo, e Mercedes Hernández, e tomou o seu nome dunha peza do Códice Calixtino.

Realizou numerosos concertos en España, Francia, Portugal, Suíza, Holanda e Alemaña. O seu repertorio inclúe dende a música medieval galega á ópera veneciana do século XVII, pasando pola polifonía renacentista e a música barroca española, e dedicando gran atención á música relacionada con Galicia e co Camiño de Santiago, ao que ten adicados catro CD.

Os seus compoñentes, procedentes de distintos puntos de Galicia, España e doutros países europeos, están especializados na interpretación da música antiga nos máis prestixiosos centros de formación de Europa, como o Conservatorio de Toulouse (Francia), o Musikhochschule de Trossingen (Alemaña) e a Schola Cantorum Basiliensis (Basilea, Suíza). Na actualidade colaboran na realización de discos e concertos con moitos outros grupos e directores de toda Europa e tamén como solistas.



Cómpre destacar a súa recente actuación nos festivais Música Sacra de Maastricht (Holanda), Festival Internacional de Música de Póvoa de Varzim (Portugal), Festival Internacional de Música e Teatro Medieval de Elxe (Alacant), e a participación no Festival de Música Antiga Abend Music-Lebensmusik de Innsbruck (maio de 2006), no Festival Via Stellae de Galicia e no Festival de Música Religiosa da cidade de Fribourg (Suíza) en xullo de 2006.

En xullo de 2007, Resonet estreou o novo programa do proxecto As Músicas de Santiago, dedicado a Antonio Cabezón, no Festival de Música Antiga de Magnano (Italia).

RESONET

SOPRANO, GUITARRA BARROCA OU VIHUELA E PERCUSIÓN

Martes, 19 de febreiro de 2008, 20:30 h

Igrexa de Santa María Nai

ENTRADA LIBRE

ULTREIA!

Músicas do Camiño de Santiago

| A PARTIDA

Preambel. Hans Neusidler, 1508-1563

Jakobslied. Canción alemá dos peregrinos de Santiago, s. XV

Ultreia. Códice Calixtino, s. XII

La Grande Chanson. Canción francesa dos peregrinos de Santiago

Vous qui allez à Saint-Jacques. Anónimo francés, 1575

N'allez pas à Saint Jacques. Popular francés, s. XVII

| O CAMIÑO

Fantasía. Luís de Narváez

Romerico tu que vienes. Juan dell Enzina, 1468-1529

Camino de Santiago. Alonso de Mondéjar, finais s. XV

Je vendis ma calebasse. Popular francesa, s. XVIII

Bailad caracoles. Santiago de Murcia, Saldivar Codex, México, 1734

Puis que le monde je quitte. Popular francesa

| À LA MODE DE FRANCE

Pasacalle por la D. Antonio de Santa Cruz, s. XVII

Arrivés à Saint Dominique. La Grande Chanson dès Pelerins de Saint-Jacques

Repicaban las campanillas. Etienne Moulinié, 1600-1669

| A ORACIÓN

Fantasía. Luís Milán, 1536

A quien debo yo llamar. Juan dell Encina 1468-1529

Domare cordis impetus. Himno a santa Isabel de Portugal, a raíña Peregrina. Estevao de Brito, 1567-1641

| ROMANCES E MILAGRES DO CAMIÑO

La Pernette. Popular francesa, s. XVII

Puestos están frente a frente. Anónimo portugués, s. XVI

| SANTIAGO!

Gaitas. Lucas Ruíz de Ribayaz, Luz y Norte, s. XVII

Beyaniram. Popular francesa, s. XVII

Pour avoir mon Dieu propice. Popular francesa, s. XVII



MANUEL REY CONFERENCIANTE

Xoves, 21 de febreiro de 2008, 20:30 h

Ateneo de Ourense

“A música medieval en Galicia”

ENTRADA LIBRE

Manuel Rey Olleros (Cartelle, Ourense) comezou os estudos musicais no Conservatorio de Música de Ourense e continuounos nos Conservatorios Superiores de Vigo, Santiago, Salamanca e Sevilla. Acadou a titulación superior de Música nas especialidades de Musicoloxía, Composición e Instrumentación, Pedagogía Musical e Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento e Gaita. Simultaneamente, licenciouse en Estudos Eclesiásticos pola Universidad Pontificia de Salamanca.

Fixo os cursos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela co profesor doutor Carlos Villanueva e realizou a tese de investigación “O culto a Santiago na Catedral de Ourense: follas de pergamiño nº2 e 27 e o Breviario Auriense (ms. 10)”. Na actualidade, está inmerso na elaboración da súa tese de doutoramento sobre a música do Códice Calixtino.

No curso 2006-2007 acadou, mediante proba de exame, a praza para traballar a notación e paleografía medieval no PIMS (Roma) co doutor Daniel Saulnier, con quen traballa actualmente na notación musical medieval en Galicia e norte de Portugal.



Acadou os premios Rosa Sabater no XLI curso Música en Compostela en musicoloxía e o Manuel Iglesias-2006 co traballo “A música nos cantorais do mosteiro de San Salvador de Celanova. Cantos da misa”. É precisamente nesta igrexa onde desenvolve o seu traballo como organista. Os seus estudos levárono a publicar cinco libros sobre música medieval en Galicia.

NICOLA EIMER

PIANO

Gañadora do Royal Overseas League Piano Competition en 2005, a pianista británica Nicola Eimer está considerada hoxe en día como un valor en alza entre os pianistas da súa xeración. Ofreceu recitais en St. Martin-in-the-Fields, Purcell Room e o Barbican, así como no Wigmore Hall de Londres, onde interpretou o Concerto nº1 de Shostakovich coa Royal Academy Soloist's Ensemble dirixida por Clio Gould.

Tamén tocou con prestixiosas orquestras como City of London Sinfonía, English Sinfonía, European Union Chamber Orchestra e Orchestra of the Swan.

Apaixonada da música de cámara, Nicola é membro fundador do Eimer Piano Trio, formado en 1997. En 2002 o trío gañou o Premio Barenreiter da ARD Competition de Múnic. Tocou en Europa, América, Australia e Xapón e en maio de 2004 foi convidada a dar o concerto de clausura do Festival Saint-Saëns nol Wigmore Hall, compartindo escenario con músicos da sona de Steven Isserlis, Graham Johnson e Anthony Marwood.

Nicola gañou en 2003 o Dudley International Piano Competition, o John Lill Piano Competition e o Tillett Trust Young Artists Platform.

Comezou os seus estudos en Londres con Danielle Salamon e despois na Royal Academy of Music con Christopher Elton, onde se graduou como Artista Destacada, a máis alta distinción posible. Obtivo bolsas de varias entidades de prestixio, como o Countess of Munster Musical Trust e o Delphine de Martelly Trust. En 2001 obtivo a súa licenciatura na Juilliard School of Music de Nova York con Joseph Kalichstein. Recentemente foi proposta como candidata a ser Membro Asociado da Royal Academy of Music.

“She went straight to the heart of the music”
The Yorkshire Post



NICOLA EIMER

PIANO

Venres, 22 de febreiro de 2008, 20:30 h

Teatro Principal

ENTRADA CON INVITACIÓN que debe ser retirada no Liceo de Ourense *(ver páx. 2)

I Parte

Sonata No. 18 en re maior, K576 | W. A. Mozart (1756-1791)

Allegro

Adagio

Allegretto

Dous Impromptus do libro 2, D. 935 | F. Schubert (1797-1828)

No. 3 en si bemol maior – Thema con variazoni

No. 4 en fa menor – Allegro Scherzando

II Parte

Tres pezas para piano | J. Brahms (1833-1897)

Op. 118/1 en la menor

Op. 118/2 en la maior

Op. 116/2 en la menor



Fantasia-Impromptu, Op. 66 | F. Chopin (1810-1849)

Preludio en re bemol, Op. 28/15 “A gota de auga”

Nocturno en do menor, Op. 48/1

Balada No. 1 en sol menor, Op. 23



KATONA TWINS GUITAR DUO

Peter Katona
Zoltan Katona

Os guitarristas húngaros Peter e Zoltan Katona deron recitais por todo o mundo. Entre eles, destacan principalmente aqueles ofrecidos en lugares tan significativos como o Carnegie Hall de Nova York, o Purcell Room e Wigmore Hall de Londres, o Bridgewater Hall de Manchester, o Alte Oper de Frankfurt, a Philharmonie de Colonia, Concertgebouw de Amsterdam, o Konzerthaus de Viena, o Suntory Hall de Tokio, a Cidade Prohibida de Pekín, o Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas ou o Palau de la Música de València.

Desde os dez anos estudaron individualmente e como dúo en Budapest, Frankfurt e a Royal Academy of Music de Londres. Durante os seus estudos recibiron clases asiduamente de mestres da guitarra como Julian Bream e John Williams.

Os irmáns Katona gañaron numerosos concursos. En 1998, o Concert Artists Guild de Nova York, que proxectou a súa carreira nos Estados Unidos e aseguroulles frecuentes actuacións polo país, así como o seu debut no Carnegie Hall. En 1997, o Young Concert Artists Trust de Londres. Previamente gañaran o premio S. T. Johnson Foundation en 1995 e o Laura Ashley en 1996.



En 1993, acadaron tamén o primeiro premio no concurso de Montelimar (Francia) e outorgóuselles o Premio Cultural da Cidade de Kassel, en Alemaña.

O amplo repertorio do dúo vai desde Scarlatti a Piazzolla. Os seus programas tamén inclúen concertos con orquestra, como os de Rodrigo, Vivaldi e Tedesco, e compositores como Michael Berkeley, Judith Bingham ou Carlos Sánchez-Gutiérrez escribíronlles e dedicáronlles obras.

Os Katona Twins foron requiridos con frecuencia para gravacións da BBC e outras cadeas internacionais de radio e televisión. Os seus seis CD para o selo holandés Channel Classics inclúen música de Scarlatti e Händel, Rodrigo, Albéniz, Piazzolla, Granados, Falla, Vivaldi e Mozart.

“the delicate perfection of the Katona’s playing electrified the music. The intense ensemble between the Katonas is irresistible.”
The Times

KATONA TWINS GUITAR DUO

Domingo, 24 de febreiro de 2008, 20:30 h

Liceo de Ourense

ENTRADA LIBRE

I Parte

Abertura de La Clemenza di Tito | W.A. Mozart (1756-1791) / M. Giuliani (1781-1829)*

Suite Francesa No. 5 (BWV 816) | J.S.Bach (1685-1750)*

Allemande

Courante

Sarabande

Gavotte

Bourree

Loure

Gigue

Tres danzas de El sombrero de tres picos | Manuel de Falla (1876-1946)*

Danza del Molinero

Danza de los Vecinos

Danza de la Molinera

II Parte

Time's Passing Breath | Derek Charke (1974)*

Cepa Andaluza | Paco de Lucía (1947-)*



Alma Brasileira | Heitor Villa-Lobos (1887-1959)*

El amor brujo (selección) | Manuel de Falla (1867-1946)*

Introducción


Danza del Terror

El Círculo Mágico

Pantomima

Danza Ritual del Fuego

*arr. Hatona Twins



**CONCELLO DE
OURENSE**

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN
UNIVERSIDADE POPULAR



*Pórtico
do Paraíso*

I Festival Internacional de Música de Ourense